




Global express

A ACTUALIDADE NA AULA

16

Dossier | Guía Didáctica | ▶ Actividades

Copenhague: última chamada




1

O que vos suxire esta foto? Con cinco adxectivos, expresade os sentimentos que vos provoca.

2

Para que credes que se reuniron estas persoas?

Un cumio internacional



O que é un cumio internacional?

Varias veces ao longo do ano aparece nas noticias unha fotografía de dirixentes de distintos países no que se adoita chamar a *foto de familia* do cumio, reunión ou conferencia. Estes encontros acostuman ser lembrados polo lugar en que se desenvolven. Falando de mudanza climática, seguro que lembras o cumio do Río (celebrada no Río de Xaneiro) ou o de Kioto. A finais do ano 2009, celebrábase un novo cumio sobre mudanza climática, o cumio de Copenhague.

Estes cumios son reunións globais; isto é, congregan representantes de gobernos de distintos países para tratar temas que afectan a comunidade internacional (mudanza climática, económica, políticas agrícolas ou comerciais...). Os acordos adoptados nestes cumios ás veces deben ser ratificados polos respectivos parlamentos, ou a súa posta en práctica precisa de fondos que ás veces non se desembolsan: isto significa que os acordos alcanzados nin sempre se levan á práctica.

Quen participa nun cumio internacional?

Nun cumio destas características adoitan participar representantes políticos, xeralmente convidados pola organización. No caso do Cumio de

Copenhague, a Organización das Nacións Unidas (ONU) autoriza e acredita os participantes. Na web oficial do Cumio (<http://es.cop15.dk/>) podes ler cómo funciona a participación.

Que papel desempeña a sociedade civil?

A sociedade civil, que non está directamente convidada, tamén xoga un papel relevante. Por un lado, en torno dos cumios oficiais con frecuencia se organizan *cumios alternativos*, en que organizacións sociais de distinto tipo analizan as propostas oficiais e propoñen outras. Ademais, antes do

cumio, as referidas organizacións fan presión sobre os representantes políticos para incluíren certos temas na axenda das reunións, para apoiaren determinadas propostas ou vetaren outras. Por último, exercen un papel importantísimo tras o cumio, recordando aos gobernos os compromisos que adquiriron.



Podedes completar a información coa que aparece na web oficial do Cumio de Copenhague e na dalgunhas organizacións como Intermón Oxfam, Greenpeace ou Ecoloxistas en Acción.

A qué nos comprometemos e o que cumprimos



PhotoDisc

Estado	Compromiso Protocolo de Kyoto	Mudanza 1990-2006	Emisiones 2006	Emisións per cápita
	% variación entre 1990 e 2012	%	millares de millóns de toneladas	toneladas por persoa
Luxemburgo	-28,00	1,03	13.322	27,09
Australia	8,00	28,81	536.066	24,63
Estados Unidos	-7,00	14,38	7.017.321	22,90
Canadá	-6,00	21,67	720.632	21,41
Nova Celandia	0,00	25,70	77.868	18,07
Federación Rusa	0,00	-34,16	2.190.239	15,44
Finlandia	-2,60	13,17	80.291	15,05
República Checa	-8,00	-23,70	148.204	14,15
Estonia	-8,00	-54,62	18.876	14,08
Islandia	10,00	24,22	4.234	13,26
Dinamarca	-21,00	2,23	71.914	13,04
Bélxica	-7,50	-5,23	136.970	12,75
Países Baixos	-6,00	-1,97	207.477	12,56
Alemaña	-21,00	-18,16	1.004.794	12,24
Grecia	25,00	27,26	133.112	11,82
Irlanda	13,00	25,64	69.762	11,66
Noruega	1,00	7,67	53.512	11,11
Austria	-13,00	15,05	91.090	10,90
Reino Unido	-12,50	-15,05	655.787	10,64
Polonia	-6,00	-28,93	400.459	10,50
Xapón	-6,00	5,35	1.340.081	10,50
Eslovenia	-8,00	1,24	20.591	10,03
Ucraina	0,00	-51,93	443.183	9,60
Italia	-6,50	9,87	567.922	9,45
España	15,00	50,63	433.339	9,45
Bulgaria	-8,00	-46,20	71.343	9,38
Eslovaquia	-8,00	-33,63	48.902	9,04
Francia	-1,90	-3,51	546.527	8,40
Bielorrusia	sen meta	-36,40	80.996	8,36
Unión Europea	-8,00	-2,19	4.151.079	8,31
Hungría	-6,00	-32,13	78.625	7,84
Portugal	27,00	39,98	82.739	7,78
Liechtenstein	-8,00	18,96	273	7,67
Romanía	-8,00	-44,42	156.680	7,29
Suecia	4,00	-8,74	65.749	7,09
Croacia	*	-5,21	30.834	6,96
Lituania	-8,00	-52,96	23.222	6,93
Suíza	-8,00	0,77	53.209	6,90
Letonia	-8,00	-56,07	11.621	5,15
Turquía	*	95,09	331.763	4,64
Mónaco	-8,00	-13,07	94	2,84

3

Se observades a táboa, podedes ver que Luxemburgo se comprometeu a reducir as súas emisións nun 28% de 1990 a 2020; porén, en 2006 aumentaron, con relación a 1990, un 1,03%. Seguindo este procedemento, que países experimentaron unha maior porcentaxe de emisións?

4

Comparede as emisións totais e as emisións por habitante dos diversos países da táboa. Que conclusións tirades?

Os 36 países "Kioto": promesas e cumprimentos

Fonte: http://en.wikipedia.org/wiki/List_of_Kyoto_Protocol_signatories



O gráfico indica as porcentaxes de redución de emisións a que se comprometeron determinados países, así como o que realmente reduciron. Observa detidamente o gráfico e responde:



Que países respectaron os compromisos asumidos e cales non?, en que medida?



Que países levaron a cabo un cumprimento maior respecto ao que prometeron?

Investiga as consecuencias e quen as sofren...



Unha historia lonxínea...

O caso do lucatán no século X da era común. Un desprazamento para o Norte da corrente do Golfo, nunha das fluctuacións naturais previsíbeis nun sistema complexo, queceu as costas norueguesas, xerando un exceso de poboación que saíu daquelas terras en viaxes de viquingos, isto é, de pirataría. Queceuse unha faixa moi estreita e pequena da costa da Groenlandia, facendo posíbel o establecemento alí dunha colonia de orixe norueguesa. Este desprazamento da corrente do Golfo produciu, simultaneamente, unha seca que durou 70 anos na península do lucatán. Alí, os maias estableceron unha civilización con construcións de pedra, baseada no almacenamento

de auga de chuvia en cisternas e regadío mediante canais. Mentres había auga, a poboación crecía, e unha parte substancial da mesma estableceuse nas abas dos outeiros.

Mentres chovía, non había problema. Mais ao chegar a seca, as poboacións do val continuaron a dispor de auga, aínda que en menor cantidade, mentres que as dos outeiros ficaron sen ela. O resultado foron guerras salvaxes polos recursos, que produciron a desaparición daquela civilización.

Antonio Ruiz de Elvira. Universidade de Alcalá.
Consello Científico do Foro Europeo do Clima

7

Credes que nos pode pasar como á cultura maia? Xustificade a vosa resposta.

8

A falta de que recurso poría en perigo a supervivencia da nosa civilización, que se impuxo a practicamente todo o planeta? O que acontecería na nosa vida cotiá se faltase ese recurso? E no noso contorno? E no noso país? E no planeta?

O que di a prensa

9

Lede as informacións e enumerade algunhas das consecuencias que máis vos chaman a atención de cada unha delas.

10

Poñédeas en común en grupos de catro ou cinco e tirade algunhas conclusións sobre quen sofren as consecuencias da mudanza climática, para expolas despois no grupo-aula.

Un exemplo que nos toca de cerca

O modelo de desenvolvemento valenciano incrementa en 85% as emisións de gases de efecto invernadoiro

Biodiversidade mariña, recursos hídricos, pescae turismo afectados pola mudanza climática.

Ecologistas en Acción. País Valencián, novembro de 2008

O número de desastres naturais multiplicouse por tres entre 1970 e 2002

Neste mesmo período, o número de persoas afectadas por tormentas e inundacións pasou de 740 millóns a 2.500 millóns.

Intermón pide compensación para os países pobres polos efectos da mudanza climática

EFE – Valencia, 14/11/2007

A vaga de calor que castigou Europa en 2003 causou a morte de ao redor de 40.000 persoas

A finais deste século, un en cada dous veráns podería ser tan cálido como o de 2003.

WWF

As emisións humanas de gases de efecto invernadoiro chegaron a duplicar o risco de vagas de calor por toda Europa.

Nature

O quecemento global aumentará en 50% as vítimas de desastres

Gustavo Catalán Deus | Madrid.

O número de persoas damnificadas polos desastres naturais vinculados á mudanza climática incrementarase en 133 millóns de persoas nos próximos seis anos [...] Ese incremento do 54% de damnificados en só seis anos sumaríase aos que sofren estas catástrofes. En 2015, calcúlase que uns 375 millóns de persoas serán as afectadas por estes fenómenos adversos, a maioría en países empobrecidos.

Elmundo.es, 23/04/2009

REPORTAXE

25 millón de parias climáticos

Os refuxiados medioambientais duplican xa aos desprazados políticos

“Claro que xa hai refuxiados por motivos ambientais. Hai habitantes de illas moi baixas que se están a mover pola suba do nivel do mar e a erosión costeira, migracións dentro da China pola desertización e xente que tenta saír de Bangladesh porque sofren inundacións cada vez con máis frecuencia. Os factores ambientais inflúen”.

François Gemenne, investigador do Instituto de Desenvolvemento Sustentábel e Relacións Internacionais.

EL PAIS.com. Poznan, 08/12/2008

A loita contra a mudanza climática continúa sen liderado político

Greenpeace lamenta que a reunión dos líderes políticos mundiais celebrada nestes días en Bonn finalice sen compromisos claros

Trescentos actividades de Greenpeace, procedentes de toda a Europa, bloquearon nesta mañá en Bruxelas as saídas do edificio onde se reúne os ministros de Economía. Están a discutir o financiamento aos países en desenvolvemento para combater a mudanza climática.

Greenpeace España, 09/04/2009




Xavier Alamy

Menos é máis - = +

“Se todos os habitantes da Terra vivisen como os europeos, co seu sistema de vida moderno, consumiríamos tres planetas. Para o estilo de vida americano necesitaríamos case... seis planetas. En troca, o burkinés non utiliza máis que 0,1 planetas. Se continuarmos sen facer nada a ese respecto, e supondo un crecemento (xulgado débil polos economistas) do 2 por cento anual, en 2050 consumiremos trinta planetas.”

Pan Yu, ministro chinés do Medio Ambiente, declarou en abril de 2005:

“O milagre económico en breve vai chegar ao seu fin, pois o medio ambiente non pode seguir o seu paso. Un terzo do noso territorio sofre chuvias ácidas, a metade da auga dos nosos sete grandes ríos é actualmente inutilizábel, mentres que un cuarto dos nosos concidadáns non ten acceso á auga potable. [...] Nos próximos anos, a China terá máis de 150 millóns de emigrados ecolóxicos. [...] Cometeremos o erro de crer que o crecemento económico e os recursos financeiros que este proporciona nos ían permitir responder ás crises medioambientais e ao aumento da poboación.”



Nicolas Ridoux. *Menos es más. Introducción a la filosofía del decrecimiento.* Los libros del lince. Barcelona, 2009.

- ➔ **Despois de ler estes textos e observar as viñetas, responde ás seguintes preguntas:**
- 11** **Podemos continuar co noso estilo de vida? Por que?**
 - 12** **Trátase dun consumo e dun crecemento xusto para todo o mundo?**
 - 13** **Que credes que lle ocorre ao home que aparece no debuxo da esquerda? Que debería facer para se liberar?**



Lede a seguinte historia e responde ás preguntas que aparecen despois.

Nunha pequena vila da costa mexicana, un norteamericano ve un pescador a punto de durmir a sesta e preguntalle:

–Por que non pesca máis?

O mexicano respóndelle que a súa pesca cotiá lle basta para satisfacer as necesidades da súa familia.

O norteamericano preguntalle entón:

–Que fai o resto do tempo?

–Érgome tarde, xogo con meus fillos, pesco un pouco, durmo a sesta con miña muller, á tarde vou ver os meus amigos. Bebemos vino e tocamos a guitarra. Teño unha vida moi chea.

O norteamericano interrómpeo:

–Siga o meu consello: comece por pescar máis tempo. Cos beneficios, poderá comprar un barco, poderá

abrir a súa propia fábrica e abandonar a súa vila en México para vivir en Nova York, desde onde poderá dirixir os seus negocios.

–E despois? –pregúntalle o mexicano.

–Despois –responde o outro– pode facer que a súa sociedade cotice na Bolsa e gañar millóns.

–Millóns! Mais, e despois? –insiste o pescador.

–Despois, poderá retirarse, vivir nunha pequena vila da costa, erguerse tarde de mañá, xogar con seus fillos, pescar un pouco, durmir a sesta con súa muller, pasar veladas bebendo e tocando a guitarra cos seus amigos”.

François Partant. “Occidente, un modelo a seguir?”.
L'Ecologiste n.º 6, 2001.



14 Que nos trata de dicir esta historia?

15 Credes que os nosos gobernos e empresas están decididos a levar unha vida como a do pescador?



Moitas persoas e colectivos loitan en todo o mundo contra as causas e as consecuencias da mudanza climática. Propómosvos facer un percorrido por algunhas destas accións a través da web http://news.bbc.co.uk/hi/spanish/specials/2009/soluciones_creativas.

16

Destacade cáles vos parecen máis interesantes e cáles poden servir de modelos alternativos e reais. Podedes fornecer exemplos doutros tipos de iniciativas ou mobilizacións que coñezades.

Bicimáquinas, oportunidades de vida

Carlos Marroquín é un home de grandes soños. E é que Carlos Marroquín crea bicimáquinas, aparellos que funcionan a pedal, feitos de partes de bicicletas usadas, que el diseña para os máis diversos usos: bombear auga, irrigar cultivos, lavar roupa, debullar millo ou facer licuados, entre outros.



PhotoDisc

De esterco a combustíbel

Nun tambo, onde as vacas comen día e noite na pradaría e son muxidas para a produción de leite e queixos, xéranse diariamente quilos e quilos de bosta. Desde hai un ano e medio, o pequeno establecemento da familia Lecchini é un dos seis tambos uruguaios que aproveitan a materia fecal das súas vacas para convertela en enerxía e, ao mesmo tempo, en biofertilizante, un adubo orgánico.

“Tiñamos unha leira onde non crecía pasto e o biofertilizante converteuna en terra fértil”.

Miguel Lecchini



PhotoDisc

Árbores para salvar o planeta

“Prometo plantar 40 millóns”

O Ministerio da Agricultura do Perú uniuse recentemente á campaña e comprometeuse a plantar 40 millóns de árbores para o 20 de febreiro de 2009.

Os países que plantaron o maior número de árbores son Etiopía, Turquía e México.

A campaña está a ter tanto éxito que os seus organizadores decidiron incrementar a súa meta a sete mil millóns de árbores, unha árbore por cada persoa do planeta.



[http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Bomen_\(Lrundes\).met_klart.jpg](http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Bomen_(Lrundes).met_klart.jpg)

Transmilenio: menos buses, menos gases

Bogotá é das poucas grandes cidades da América Latina que non teñen metro. Mais ten Transmilenio, un sistema de autobuses rápidos que circulan por vías exclusivas e que desde 2007 recibe certificados de non emisión de gases de efecto invernadoiro.

“Desde o seu inicio, o proxecto enfocouse en mover máis xente con menos autobuses, en que haxa unha programación máis técnica de rutas e mellores tecnoloxías para producir menos emisións [de CO₂], explícalle á BBC Mundo, Jairo Fernando Páez, xerente de Transmilenio.

Desde finais do ano 2000, grazas a Transmilenio deixáronse de emitir 1.177.000 toneladas de CO₂.



17 Organicemos na aula un *minicumio* sobre redución de emisións!



Organizáremos en **pequenos grupos** que representan aos diversos actores sociais. Cada un deles elaborará e argumentará propostas para combater ou frear a mudanza climática de acordo cos seus intereses. Algúns dos grupos poden ser os seguintes:

- **Representantes gobernamentais** de países industrializados, empobrecidos e de países con economías emerxentes (China, Brasil, India).
- **Organismos internacionais.**
- **Grandes empresas transnacionais.**
- **Organizacións non gobernamentais** de cooperación e medioambientais, e outros colectivos sociais.
- **Xornalistas.**

O cumio terá unha primeira parte, previa ás reunións, en que cada país elaborará a súa estratexia e

as súas propostas e as ONG (con voz mais sen voto) tentarán convencer algún dos países para que defenda as súas posturas. Nesta primeira parte, tamén se elaborará a *axenda* de temas a tratar.

Nunha **segunda parte**, os representantes gobernamentais e os organismos internacionais xuntaranse para debater e elaborar un documento que recolla os principais compromisos. Nesta segunda parte, non poden participar as ONG, aínda que si poden exercer presión desde fóra, de forma pacífica e en silencio.

Os xornalistas irán recollendo información para elaborar os titulares que, do seu punto de vista, reflicten os principais feitos.

E nós, na nosa vida cotiá?

As medidas adoptadas nas reunións internacionais requiren accións na vida cotiá, tanto nos hábitos de consumo como na participación en mobilizacións.

18 Reunídevos en pequenos grupos para debaterdes e propordes compromisos da vosa vida cotiá.

Entre outras páxinas web, en www.intermonoxfam.org/cortoycambio podedes encontrar algunhas suxestións.